

CAMIÑO CENTRAL PORTUGUÉS

Itinerario para peregrinos Orbenlle-O Porriño
polo espazo natural das Gándaras e o río Louro



Asociación Galega
Amigos do Camiño de Santiago

INTRODUCCIÓN: SEMPRE NO CAMIÑO

Os primeiros traballos de investigación e identificación do antigo Camiño Portugués a Santiago en Galicia, que realizamos durante os anos 1992-93, non nos permitiron salvar o alporizado itinerario entre Orbenlle e O Porriño; o trazado histórico (indubidable) fora ocupado polo maior polígono industrial de Galicia e a estrada N-550, non habendo por entón infraestrutura ningunha que nos facilitase salvar esta verdadeira "penitencia". O transcurso do tempo e a construción de infraestruturas como o sendeiro habilitado xunto ao río Louro permítenos agora presentarvos este novo itinerario que vén a facer xustiza ao Camiño Portugués na súa primeira etapa en Galicia.

Dende logo, en todos os nosos traballos nos axustamos no posible aos itinerarios históricos, pero: que acontece cando "a historia" é un polígono industrial, unha concentración parceira, unha autoestrada ou un pantano?... O purismo histórico absoluto só pode ser reivindicado polos que descoñecen absolutamente o territorio e/ou xamais dobraron o espiñazo no traballo de campo, pero nós tivemos moi claro xa dende os tempos de Valiña que cada época tivo o seu Camiño, e no século XXI os peregrinos teñen dereito, como os seus antepasados, a ter os seus propios Camiños de Peregrinación.

Presentámosvos un itinerario humilde, profundamente galego, que percorre un espazo natural único incorporando, nalgúns puntos, o antigo Camiño Real entre Tui e Vigo. Non foi doado, nun espazo rodeado por naves industriais e infraestruturas de toda índole (autoestrada, autovía, ferrocarril...), pero o corenta por cento deste discorre por vellos camiños de terra rodeados dunha natureza espléndida e o seu trazado supón apenas uns cincocentos metros máis que o itinerario polo actual Polígono Industrial das Gándaras e a estrada N-550. Puxemos neste traballo (realizado de forma completamente altruísta por e para os que camiñan) esforzo, paixón, alma e sentimento; agora xa non nos pertence, é voso, dos peregrinos.

Nada máis, BO CAMIÑO A TODOS, ultreia e os seus eia!

XUSTIFICACIÓN HISTÓRICA



A.G.A.C.S.

Consideracións previas ao itinerario: unha primeira, e necesaria, aproximación histórica.

Vexamos, aínda que sexa sucintamente, o que nos pode achegar unha aproximación á rede viaria ao longo dos séculos en relación ao Val de Louriña. Se temos claro que un condicionante determinante na plasmación da rede viaria nun territorio foron a orografía e os cursos fluviais, o gran corredor no que se integra ao val de Louriña (a gran Depresión Meridiana, o eixe N/S Carballo-Tui), vén a definir e aclarar o que foi o paso da rede viaria entre Redondela e Tui. O gran val está circundado a oeste e leste por montañas rochosas dende onde desaugan regueiros cara ao curso central do Louro xerando, ademais, fenómenos xeográficos únicos como as Gándaras de Budiño. Esa constante hidráulica produciu, ao longo dos séculos, continuas variantes en camiños e sendeiros pero, á súa vez, a gran foxa da Depresión Meridiana permitiu sempre un paso franco polo interior entre a Galicia norte e sur. Non queremos entrar aquí en análise pormenorizada algún das vías romanas, só superficialmente engadir que, respecto á Vía XIX do Itinerario de Antonino, parece absolutamente claro (Caamaño Gesto, X.M: "As vías romanas como antecedente e soporte dos camiños de peregrinación de Portugal a Compostela") e no que respecta ao seu paso polo val de Louriña, que o seu paso sería: Tui, Orbenlle, ou Porriño, Mos, Saxamonde (Santiaguíño de Antas), Padrón-Quintela, Redondela. O miliario actual que permanece a pé de ruta en Saxamonde (caso único de permanencia) e o incompleto de Decenito en Quintela veñen a confirmar o dito, máis o anepigráfico encontrado en Tui-Rebordans.

Respecto ás vías medievais, o traballo máis importante (o de Elisa Ferreira, Los Caminos Medievales de Galicia, Boletín Auriense, Anexo 9, Ourense 1988) sinala a saída de Tui pola Corredoira para continuar polas Gándaras de Budiño en paralelo ao río Louro, achegando que unha doazón de 1331 xa sinalaba que a ruta era "usada de homes, et de carros, et de bois". Na súa marxe esquerda, segundo a cartografía achegada pola propia Elisa Ferreira, dende Cerquido (e cun desvío a San Salvador de Budiño) continuaría cara a Atios, Cans e Porriño. Pola marxe dereita, e dende Ribadelouro, saíría outra vía (que viría a coincidir co trazado do posterior Camiño Real), cara a Vigo por San Xurxo de Mosende, Herbille, San Pedro de Cela, San Pedro de Zamanes Porto e Evade. E esta variante foi, certamente, a utilizada polos comisionados de Xelmírez que levaban as reliquias

de San Fructuoso, San Silvestre, San Cucufate e Santa Susana (1102) despois do soado "Pío Latrocinio de Reliquias" en Braga, que pasaron polo desaparecido mosteiro de San Pedro de Cela en lugar de facelo por Porriño e alí esperaron a chegada do pontífice. Fundamental tamén o paso polo ponte das Febres cara a Ribadedouro, célebre por poñerse enfermo alí San Telmo e non poder proseguir na súa peregrinación a Santiago, talvez en 1245. A este respecto sinala o historiador tudense Ávila e Lacueva (Hª Civil e Eclesiástica da Cidade de Tui e o seu Bispado, 1854)): "entonces y después iba por aquel paraje el Camino del Apóstol, aunque hoy ya no es vereda a causa de haberse poblado el Porriño, y hechoso cerca de la Ciudad un puente mejor sobre el Louro que no obstante de tener muchos años mantiene el nombre de puente nuevo por ser nuevo en el sitio, pues antes no había allí ninguno. Y desde su construcción se mudó por aquí el motivado camino".

Dende Porriño o camiño proseguía por Amieiro Longo, Sanguñeda, Castro, Mos, Rúa, Louredo, Os Valos (ponte sobre o Louro), Padrón, Custoria, Quintela e Redondela. Diversos foros e un documento do Couto de Cans reflicten ese paso por As Gándaras. Carlos Nárdiz ("El Territorio y los Caminos en Galicia") tamén o detalla así, sinalando a propia Elisa Ferreira a importante encrucillada que sempre foi Porriño en relación coa súa comunicación coa Granxa Donicons, posesión do mosteiro de Melón. Da continuidade do camiño medieval polo val do Louríña dá boa idea o citado documento de Couto de Cans (1292) en relación ao paso por Amieiro Longo: "... e dessi por esse carril contra o logar hu mora pero fanon, e dessi como se deçe ao porto de Ameeyro Longo..."

Non é tampouco necesario repetir aquí o inútil de entrar nunha identificación absoluta entre vías romanas e camiños medievais dentro dun territorio, salvo nos pasos dos ríos ou trazados moi puntuais (neste caso todo o traxecto entre Mos - Rúa dos Cabaleiros-, Saxamonde e Quintela- Padrón) Sobre os camiños reais e a súa pervivencia, tan importantes ao cabo na identificación dos camiños actuais, xa abundaremos, só engadir a escasa achega da cartografía histórica ata o século XIX: "Descripción do Reyno de Galicia" (Fernando Ojea, Amberes 1598), "Gallaecia Regnum (1600), "Descriptio Galleciae et Asturiae in Hispania (1606), "Gallicia" (1632), Il Regno dei Galicia (Cantelli dá Vignola, 1696). É fundamentalmente, cando a cartografía comeza a basearse en medicións matemáticas e aplicando criterios de racionalidade, cando aparece Domingo Fontán e a súa Carta

Xeométrica de Galicia (1845), que certamente nos axudará a desentrañar a nebulosa de camiños no val de Louriña.

Un achegamento á literatura odepórica proporciónanos as primeiras pistas do que logo ampliaremos: en case todos os relatos, e tras a descrición case sempre pormenorizada da cidade de Tui, abafantemente encontraremos coas citas expresas á vila de Redondela. Porriño ou é ignorado, ou é citado anecdoticamente como mero lugar de paso. O máis explícito (no seu verdadeiramente calamitosa viaxe), nunha das descrições máis temperás, é Fray Claude de Bronseval ("*Peregrinatio Hispánica*", rematada en 1532): tras chegar a Redondela para seguir cara a Portugal sinala: "Volvimos a partir siguiendo un sendero de montañas estériles y llegamos a la villa de Porriño, donde comimos. Luego la abandonamos. Por un gran valle, en medio de las montañas – algunas servían de pasto para el ganado, otras estaban cubiertas de piedra- atravesando un sendero bastante practicable llegamos a la ciudad de Tui". Un dos relatos de peregrinación máis pormenorizados (Juan Bautista Confalonieri, 1594), limítase a citar: "Porriño, villa pequeña, había feria". Tampouco os relatores da gran peregrinación do gran duque Cosme dei Medici, 1669, (Filippo Corsini, Lorenzo Megalotti, Giovanni Battista Gornia, Filippo Marchetti ou Ciuti) nos engaden gran cousa, limitándose a indicar (Corsini) que o val de Louriña está ben coidado e cultivado e sinalando o cruzamento de pequenas aldeas "Purrigno e Mos". O viaxeiro A. Jouvin chega a Tui (dende Santiago) en 1664 (en 1672 foron publicados os oito tomos do seu libro de viaxes) tras sinalar: "Después encontramos Redondela, pueblo a la entrada de una bahía y después Porriño y algunas aldeas y cortijos, que son granjas, en una campiña rasa cubierta de desiertos hasta Tui...) Nicola Albani, polo xeral tan explícito, non achega demasiado salvo a alusión (na súa primeira peregrinación de 1743, xa en vía directa a Lisboa dende Santiago) a un estraño hospital, "Lhugera", que talvez poida asimilarse ao establecido en Porriño e onde sinala que foi pesivamente tratado. Sitúao a cinco leguas de Redondela e sete de Tui. O conde Alexandre de Laborde (1806) se nos achega noticias de interese no percorrido entre Santiago, Vigo e Tui, no que respecta a algo que logo teremos especial interese en remarcar: o camiño real entre Vigo e Tui, sinalando que este era "muy montañoso" podendo só ser transitado a pé ou a cabalo. Esta noticia de Laborde é do máximo interese xa que é das poucas que nos chegaron do Camiño Real entre Vigo e Tui, de importancia para todo o que imos definir aquí.

Poucas e moi poucas noticias, pois, no referente ao trazado nos relatos de viaxeiros e peregrinos. A rede hospitalaria do Porriño, magnificamente estudada por Antón Pombo dentro do traballo para a empresa ICEACSA realizado por varios membros da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (ICEACSA, "Delimitación dos Camiños a Santiago dende Portugal", 1995), axúdanos a centrar a importancia exacta desta histórica encrucillada de Caminos. Nese sentido Pombo acouta, a pesar da notable importancia que sempre tivo como encrucillada viaria, que o núcleo de poboación non se desenvolve ata o século XVI, precisamente cando pasa a ser xurisdición da Igrexa de Tui e ten lugar o mercado semanal do que xa deixa constancia Confalonieri. O seu primeiro hospital documéntase en 1569 (Ávila e Lacueva) Do seu funcionamento temos noticias, precisamente nese ano, por unha manda testamentaria de Alonso Arias de Saavedra que nos dá idea da humildade e precariedade desa institución, que se viu moi afectada en 1665 tras un ataque de tropas portuguesas. En 1667, Xoán Alonso "Foxeomundo" contribúe cunha fundación para mantemento do hospital. É o mesmo, coa súa esposa Dominga Riba, que pola súa devoción mandou construír a ermida Da nosa Señora dá Guía, hoxe ao bordo da N-550. Estes datos respecto á acollida jacobea axúdannos a debuxar e acoutar no tempo a realidade viaria e xacobea de Porriño xusto antes de que, transcorrido o século XVI (onde aínda pervivían as vellas rutas medievais) visen a luz os chamados Camiños Reais.



O chamado Camiño Real por San Xurxo de Mosende: entre a lenda, a haxiografía e a realidade do territorio

No ano 1547 o bispo de Tui, Bartolomé Molino, encarga a Juan de Guiñián, visitador xeral do bispado, que acuda a un lugar de Mosende onde se estaban a producir estraños acontecementos ao redor dun sepulcro, acontecementos que falaban de milagres e peregrinacións arredor deste e que, en función das súas pescudas, presentase un urxente informe (Arquivo catedral de Tui, caixón 32, num 18. F Curia A.H.D) O bispo e o seu visitador estaban avisados xa da presenza de elementos protestantes nos camiños e, por outra parte, Trento deixara moi claros cuales eran os extremos da ortodoxia. Así que o bispo e, polo seu medio, o seu celoso visitador querían saber de primeira man en que extremos se movían os estraños acontecementos de Mosende. E nese sentido, Guiñián interroga tres testemuñas: Juan de Morelos, párroco de Mosende, Dominga Pérez e Pedro González, veciños da parroquia. A pescuda dá un primeiro resultado unánime: alí estaba enterrado un peregrino que volvía de Santiago para Portugal e que morreu naquel lugar: "Preguntado si sabe o oyo decir quyen fuese San Diego que dizen estar allí sepultado e donde hera natural y que oficio y trato tenía.

Dice el dho testigo que el oyo decir como dho tiene a los dos viejos ancianos que benyendo un hombre en abito de peregrino y rromero por la hestrada y camino rreal del Señor Santiago que en aquel tiempo hera por la misma heredad don esta el dho sepulcro especialmente benyendo por la villa de Bigo para la ciudad de Tuy, le diera la ora de la muerte y le hallaron muerto y que en unas alforjuelas que traya le abian allado un papel escrito que dezìa ami më llaman don Diego y soy Cristiano en donde me allaren muerto me hagan la sepultura y me entierren". As boas xentes de Mosende culminan a súa resposta ao visitador: "e así la abian sepultado".

Nada máis se di acerca do suceso, nin moito menos cando puido suceder, aínda que se manifesta que o sepulcro é moi antigo, que xa falaban del os vellos, engadindo Pedro González que o sepulcro tiña máis de cincocentos anos. Na investigación anótase que os peregrinos e romeiros comezaron a acudir ao lugar, a reverenciar a "don Diego" uns trinta ou corenta anos antes. Da investigación de Juan de Griñián dedúcense os últimos e máis soados milagres, dos que, acaecidos nos últimos anos, os interrogados manifestan ser testemuñas de primeira man. O máis impactante foi o acaecido a Antonio Alonso, veciño e propietario do campo

onde estaba o sepulcro: facendo labores agrícolas, e para gañar espazo no seu terreo, retira unhas pedras que cubrían o sepulcro. As consecuencias son inmediatas: perde o fala, camiña a catro patas e nu, a pel vólvese moura e, para rematar, anda en soidade polos montes "ouveando" e bebendo compulsivamente nos regatos. Pódese describir mellor a licantropía?

Pero aí está noso Diego, transformado xa en "don Diego". Os veciños e a familia saen detrás do desgraciado e un deles dilles (Caxón 32 iden...): "¡ay antonio debías de andar regarabatando y quitado las piedras de la sepultura de san Diego guarda no aga en ti milagros promete de reformar y aderezar su sepultura" Encomendan ao desventurado Alonso a Deus e a don Diego ao ao pouco sa por enteiro. Temos xa un "santo" milagreiro, e ademais, nada menos que sandador de licantropías e recuperador de lobishomes. Así que non só este Camiño mostra xa recoñecidos pontífices como o propio San Telmo (a quen os seus haxiógrafos atribúen a construción da ponte da Ramallosa - vide, "Biografía Ascética de San Pedro González Telmo, Basilio González, Tui 1995, p.22-) senón que podemos engadir sen rebozo un auténtico druída curador dun dos grandes males do mundo celta: a licantropía. Non está, dende logo, nada mal para unha ruta especialmente sagrada (o Camiño de Santiago) que sempre se moveu con mitos, e mito auténtico é, dende logo, o misterioso peregrino "Diego".

David Pèrez Rego, no seu esclarecedor traballo: "Sobre a capela de San Diego de Mosende (un achado documental) ou de como don Diego de Mosende se converte en San Diego de Alcalá", engade datos impagables á evidente, e a todas luces intencionada, transformación de don Diego en "san Diego" ao, ao pouco, na deriva sen rubor á súa identificación con San Diego de Alcalá. E así xa en 13 de novembro de 1740, día de San Diego de Alcalà de Henares, se hacía solemne celebración litúrxica, segundo consta na escritura de fundación da Confraría de San Diego de Mosende. Sinala Pérez Rego que, só un ano màs tarde das pescudas de Juan de Griñián, en 1588, San Diego é canonizado por Sixto V. E apostila Pèrez Rego (op.cit.pg 7): "Que mellor que utilizar vos milagres e a sona do santo de Mosende para avivar e impulsar ou culto dun santo español non xusto momento en que este è canonizado, nun momento, en que, polo demàis, a potenciación por medio dun pseudopoliteísmo dás figuras do santoral, tan próximas a relixiosidade popular, tense por optima para pechar ás portas ás ideas protestantes que viñan do norte". Ademais, nada mellor que a asimilación de don

Diego co santo de Alcalá, á fin e ao cabo santo franciscano, caritativo, esmoleiro, viaxeiro compulsivo e con descaradas facultades taumatúrxicas. Péchase así o bucle ao gusto de todos e así, o primeiro domingo de xuño, xentes innumerables seguen acudindo á pequena capela de Mosende para venerar o santo peregrino.

Deste xeito xa temos un santo peregrino, e un verdadeiro mito, situado sobre un "Camiño Real" Pero... que Camiño Real era este? E, sobre todo: en que xeito contribúe ao novo itinerario de peregrinos que estamos a intentar reconstruír? As preguntas non son, dende logo, banais, pero as respostas non o serán moito menos.

Ernesto Iglesias Almeida, o grande investigador tudense, sinala entre os camiños que saían dende Tui cara a Redondela ("Caminos Portugueses a Santiago, Asociación Amigos de los Pazos, Vigo 1992, p.p 19 e 20) o que saía da cidade tudense polo arrabalde do Rolo, seguindo pola Senra, a Virxe do Camiño en Rebordans, ponte das Febres, Santa Columba de Ribadelouro, Capela de San Diego (Mosende), Santiago de Pontellas e San Salvador de Torneiros. Aquí indica que, ou ben seguía para San Pedro de Cela (antigo mosteiro) e Santiago de Bembibre (ídem) para entrar en Vigo ou ben, e dende ese punto, desviarse a Porriño.

Do noso traballo de campo (co pleno e pormenorizado estudo do territorio e as correspondentes enquisas orais) dedúcese o seguinte trazado do citado Camiño Real que relacionamos sucintamente (ver apoio cartográfico): dende o calvario de Ribadelouro, e abandonando allí o itinerario actual de peregrinación que se dirixe nese punto cara á ponte de Orbenlle, séguese ao lugar de Monte, xa na parroquia porriñesa de Mosende, onde destaca a chamada "cruz do Monte". Outra alternativa, que cremos máis plausible, sería o cruzamento da mencionada ponte de Orbenlle para continuar pola marxe esquerda do Louro e repasalo pola ponte Baranco (no itinerario que identificaremos para peregrinos) para acompañalo logo ata Monte. Dende ese lugar, e tras discorrer uns seiscentos metros sobre a estrada PO-342, o Camiño Real continúa por unha pista asfaltada cara ao barrio de Madorras deixando atrás os chamados "cruceiros do Folón". Alí encóntrase situada a capela de San Diego, rodeada por un campo de feira, un bo lavadoiro e o próximo Pazo de Falcato (s XVII).

Poucos metros máis adiante, coa ruta internándose na parroquia, encontramos o antigo cruceiro da Ruela que saúda o viaxeiro dende o interior dun terreo lindante. Ata el chegaba a procesión con San Diego ata que, segundo informan os veciños, foi trasladado a ese lugar ao incrementarse o tráfico tras asfaltar o camiño. O itinerario continúa cara á igrexa parroquial de San Xurxo de Mosende para chegar a Centeans, xa na parroquia de Santiago de Pontellas. Un parque infantil flanquea o itinerario que se vai internando en suave descenso por Centeans.

Xa na encrucillada en que se asenta o soberbio cruceiro de Centeans (onde se recibe o itinerario que vén do ponte Baranco), a ruta xira cara ao inmediato e afamado campo de festa de San Campio, co seu gran e peculiar "Cruceiro Esmoleiro" e a capela dedicada ao santo. Circunvalando o campo de festa, en cuxa parte posterior se encontra a peculiar "Quinta do Adro" ou "Quinta dá Inquisición" para, en ascenso, chegar ata a igrexa parroquial de Santiago de Pontellas. Dende o templo parroquial, e en ruta ata o próximo barrio de Abelenda, déixanse atrás os lugares de Outeiro e Pousadelas. É en Abelenda, onde se alcanza a Capela de San Paio, o punto onde o camiño continúa en dirección Vigo (San Pedro de Cela e Bembrive) mentres un ramal xira cara a Porriño seguindo a estrada que leva ata San Salvador de Torneiros deixando atrás cruceiros como o Dos matos. Antes de entrar en Porriño seguindo a PO-331 observamos a pé de ruta outro cruceiro, o do Cristo do Celeiro. Todo este itinerario do denominado "Camiño Real" discorre por estradas asfaltadas describindo un grande arco para alcanzar Porriño, no suposto de que ese fose o obxectivo. Supera en sete quilómetros, dende Orbenlle, ao itinerario actual.

Ben, temos xa identificado un "Camiño Real", pero: é un Camiño Real Tui-Porriño? Rotundamente non. E este "non" non é dedución unicamente extraída dun simple proceso de sentido común observando a cartografía e o disparatado zig-zag e deriva respecto dun suposto itinerario "directo" a Porriño. Podemos garantir que todos os que dende un gabinete puideron falar dese "Camiño Real Porriñés", nin baixaron nunca ao trazado, nin observaron as profundas transformacións sufridas no territorio, nin moito menos o percorreron cunha mochila de dez quilos ao ombro. O que si existiu e continúa existindo, sequera rotundamente asfaltado e suplantado por estradas de toda índole e condición, é un Camiño Real a Vigo, que continuando o camiño medieval estudado por Elisa

Ferreira (e xa citado aquí anteriormente) foi suplido polo trazado dese "Camiño Real" (con moitos puntos de coincidencia, cando non cunha identificación plena) Se temos en conta as pescudas do visitador de Tui, os enquisados, veciños do lugar, falan de que o paso do santo peregrino, segundo dicían os seus maiores, producírase moito tempo antes apuntando un deles (Pedro González) que tiña máis de cincocentos anos, trasladándonos pois ao século XI, a un pleno camiño medieval que precisamente, naquel tempo era a "hestrada y camino rreal del Señor Santiago" e deixando, ademais, moi claro "especialmente benyendo por la villa de Bigo para la ciudad de Tui" O documento deixa pois rotundamente diáfana a existencia dun camiño medieval entre Tui e Vigo (Bembrive), que máis tarde foi camiño real (tamén entre Tui e Vigo).

Un dos máximos valedores deste Camiño Real (e que o sinalou como un dos posibles itinerarios xacobeos do Camiño Portugués Central, Tui-Porriño) Ernesto Iglesias Almeida, non ten máis remedio que admitir (Ernesto Iglesias Almeida, op.cit.,p.20) que "Desde este lugar (capilla de San Diego) seguía el camino por Santiago de Pontellas y llegando a San Salvador de Torneiros iban hacia Porriño o bien seguir hacia San Pedro de Cela, en donde existía un antiguo monasterio entrando en Vigo por la parroquia de Santiago de Bembrive donde también existía otro antiguo monasterio (sic)"

Por se non estivese claro, Pascual Madoz ("Hª de todos los pueblos de España, Censo, Padrón y datos de 1845"), ao estudar a parroquia de San Jorge de Mosende, afirma rotundamente: "Atraviesa esta parroquia el antiguo camino de Tuy a Vigo", despois de indicar que "por el lado sur hay una ermita dedicada a San Diego" Xa vimos, tamén cando citamos a literatura odepórica no que atinxe a estes tramos, como o conde de Laborde (1804) se dirixe a Tui dende Vigo a través dun camiño montañoso. O enorme arco de deriva para alcanzar Porriño, con case sete quilómetros máis sobre o itinerario actual, vén a abundar en todo o que vimos argumentando: nunca foi un Camiño directo a Porriño, érao a Vigo. E certamente, puido ser utilizado en épocas de inundación nas Gándaras como ruta de apoio ou "de inverno", pero nunca como ruta principal.

Camións históricos, territorio e peregrinación jacobea no século XXI

Así as cousas, cal era o Camiño histórico Tui-Porriño? A resposta para nós foi evidente xa na nosa primeira identificación de 1992-1993 e séguese sendo agora: o trazado histórico correspondíase co actualmente sinalizado no val do Louríña seguindo a marxe esquerda do Louro. O que acontece é que o devandito trazado se encontra sepultado polo maior polígono industrial de Galicia, unha grande autovía e a estrada N-550 que, por Atios, leva a ruta cara a Porriño.

É a antiga ruta medieval sinalada por Elisa Ferreira que, dende O Cerquido, ía cara a Atios, Couto de Cans, a encrucillada de Porriño e Amieiro Longo, ratificada tamén por Avila e Lacueva. É, precisamente en Atios e á beira do camiño de Tui, onde Xoán Alonso "Foxeomundo" fai construír a expensas da súa devoción a ermida de Nosa Sra. dá Guía, hoxe en plena estrada N-550. O omnipresente Pascual Madoz tamén indica a pervivencia deste camiño como ruta principal Tui-Porriño, non sen sinalar que, á altura de Atios, o estado da ruta era calamitoso e non podía pasar de ser considerado como "vereda" (cousa que fai extensible ao resto do trazado ata Mos) Pero é o xa máis científico e aplaudido Mapa Xeométrico de Galicia de Domingo Fontán (1845) o que non deixa lugar a dúbidas, indicando a vía directa que vimos sinalando dende Tui e tamén o xa citado Camiño Real a Vigo co seu correspondente "desvío" a Porriño.

Ben, con estas formulacións debemos volver á introdución xeral a este traballo de recuperación. E, dentro dela, ás preguntas fundamentais: Para que e para quen se recuperan estas rutas no século XXI?, existiu, ao longo dos séculos, un único camiño de peregrinación ou, o que é o mesmo: a nivel xeral o itinerario no século XII era o mesmo que o XVI, o XIX?, non é moi certo que cada época tivo o seu "Camiño"?, buscamos, ademais, a plena historicidade, si, pero... que acontece cando a "historia" queda reducida a un polígono industrial, un pantano, unha autovía, unha concentración parceira, ou unha rede de alta velocidade?, que Camiño, que itinerario podemos ofrecer aos peregrinos do século XXI?

Certamente, e xa dende os tempos de Elías Valiña, dende as asociacións jacobeanas e máis concretamente dende a AGACS, en Galicia, directos colaboradores e sucesores do chorado párroco do Cebreiro, tivémolo moi claro: os camiños actuais de peregrinación non son outra cousa que unha abstracción histórica

sobre a realidade obxectiva dun territorio que levou a un concepto que tivemos moi claro: os actuais itinerarios de peregrinación non son outra cousa que un proceso incontestable de sentido común aplicado a un territorio concreto que levou a unha transición (e a unha transacción) entre o ideal purista absoluto e esa realidade obxectiva do territorio. Todo iso deu un froito: "o Camiño do posible". E ese "Camiño do posible", esa transacción entre a realidade do territorio, a historia, e os actuais ideais e preferencias dos peregrinos, é a que nos levou a presentar este novo itinerario.



DESCRIPCIÓN DO ITINERARIO



A.G.A.C.S.

En descenso dende Santa Columba de Ribadelouro e tras cruzar a histórica ponte de Orbenlle, o Camiño Portugués discorre en moderado ascenso pola estrada que conduce cara ao propio lugar de Orbenlle. É aquí onde tomamos un antigo camiño de terra que nos sae á esquerda da marcha, apenas superadas as primeiras casas, e ese é o punto exacto onde o antigo itinerario do polígono industrial e a nova proposta se separan.

En suave descenso, sobre o trazado do vello Camiño Real envolvido por unha exuberante vexetación autóctona, alcánzase A ponte Baranco (posiblemente do século XVIII) sobre o Louro, para superar logo a curta distancia un soberbio "paso de inverno" de máis de cen metros. A ruta achégase a unha desviación directa ao Norte que leva ás Gándaras e ao paso tendido baixo a instalación de alta tensión; o itinerario dá nese punto un leve xiro ao oeste por un agradable camiño de terra, entre viñedos ao principio e arboredo autóctono máis tarde, ata alcanzar unha pista asfaltada. Dende este punto (á dereita a pista remata no pequeno lugar de Xe de Baixo) o trazado inténrase xa na parroquia de San Xurxo de Mosende polo barrio de Monte, atravesando os lugares de Vides e Cruceiro para dirixirse entre casas a outro magnífico "paso de inverno", coñecido entre os paisanos como "paso de Botate".


Por un bo camiño de terra, bordeado por vexetación de ribeira e piñeiros do país, o itinerario alcanza a pista asfaltada que se dirixe a Centeáns e San Campio tras superar o pequeno lugar de Quintela, nun trazado tranquilo directo ao Norte entre o sosego da paz rural, con apenas circulación de vehículos e algún tractor, entre labradíos e unha exuberante vexetación autóctona. A pista local que vimos seguindo alcanza as primeiras casas de Centeáns (xa na parroquia de Santiago de Pontellas), onde nos recibe unha vetusta "cruz de mortos", para dar pronto paso ao soberbio cruceiro de Centeáns; situado nunha encrucillada que tamén acolle a estrada que vén dende San Diego e San Xurxo de Mosende seguindo o antigo Camiño Real a Vigo, é sen dúbida un dos máis belos da bisbarra.

O Camiño Real e o novo itinerario únense de novo para discorrer xuntos ata o bonito conxunto que conforman o gran Cruceiro Esmoleiro de San Campio, xunto co ben coidado campo da festa e a propia capela dedicada ao santo. Tras o campo da festa encóntrase a histórica e inquietante Quinta do Adro ou Quinta dá Inquisición.

É aquí onde o Camiño Real a Vigo e o itinerario de peregrinos se separan xa definitivamente, continuando este nun grato ámbito ambiental pola pequena estrada local que une Centeáns coa rotonda de Torneiros. Dende alí, a través dun oportuno paseo peonil e para ciclistas habilitado polo Concello de Porriño, alcázase a senda de terra habilitada xunto ao Louro. A vexetación de ribeira e o río (perfectamente saneado en todo ese traxecto) volven acompañar o trazado ata a mesma porta do albergue de peregrinos de Porriño e a PO-331, xa dentro da zona urbana, punto final deste itinerario dende Orbenlle; dende este punto a ruta a Santiago continuará polo actual trazado do Camiño Portugués.

Todo o percorrido é perfectamente válido e comodamente transitible e seguro para a peregrinación a pé, a cabalo ou en bicicleta; paralelamente a este, indicamos tamén o itinerario para discapacitados e cadeira de rodas, que tamén pode ser descargado directamente dende a web de Luis Freixo.

Como se apunta na introdución, o novo trazado é apenas cincocentos metros máis extenso que o actual polo Polígono Industrial e N-550, incorporándose nun corenta por cento sendeiros de terra (perfectamente transitibles) así como un espléndido ámbito rural e ambiental.



CARTOGRAFÍA






CAMIÑO PORTUGUÉS CENTRAL


- 1.: Itinerario de Peregrinos ao Porriño, polo Espazo Natural das Gándaras de Budiño e Rio Louro**
- 2.: Itinerario de Peregrinos ao Porriño, polo Polígono Industrial e N-550**

CAMIÑO ACTUAL
NOVA PROPOSTA
SENDEIRO ACCESIBLE



PLANO 1





PATRIMONIO ETNOGRÁFICO E MONUMENTAL



Sobre o propio Itinerario

- *"Pasos de inverno" de Baranco e O Folón.*- O primeiro resulta verdadeiramente espectacular, con case cen metros de lonxitude sobre o camiño. O segundo, tamén coñecido como "pasos de Botate", con moi boa obra de pedra. Ambos os dous con paso axeitado para bicicletas.
- *Cruz de Mortos de Centeáns.*- Situada na marxe dereita do camiño, garda a entrada a Centeáns. Os veciños indican a súa grande antigüidade.
- *Cruceiro de Centeáns.* Na encrucillada do Camiño Real. O máis belo e antigo de todo o Concello.
- *Cruceiro Esmoleiro de San Campio.*- De xigantescas proporcións (máis de catro metros) e con "peto" para as esmolas, preside o gran campo de festas. Na súa base reza a inscrición: "Por ofrenda de D. Manuel Roris, natural de Mosende 1897,".
- *Campo de Festas de San Campio.*- Amplísima explanada axardinada e esmeradamente coidada onde se celebra o terceiro domingo de xullo a festividade de San Campio, reunindo xentes de toda a Galicia sur. Nel encóntranse:
 - *A Capela de San Campio.*- A pequena capela, construída en 1886, foi reformada e ampliada en 1917 coa contribución dos fillos da parroquia de Santiago de Pontellas emigrados ao Brasil. Nela encóntrase a imaxe do santo; o día da festa, unha curiosa tradición fai que se recolla a suor da imaxe cun pano para aplicalo aos que padecen males de columna e reuma.
 - *A Quinta do Adro ou "Quinta dá Inquisición".*- Este misterioso edificio, situado tras a capela do santo, reúne todo tipo de lendas e rumores na bisbarra. Dende logo, o escudo inquisitorial campea sobre o seu portalón e impresiona a enorme fachada-pano rematada en pináculos do pazo. Foi levantada en 1479 e entre os seus moradores figura Joseph Antonio de Santander, notario da Inquisición na bisbarra.

Na proximidade inmediata do itinerario

- *Capela de San Diego.* - Construída sobre o mesmo lugar en que caeu morto o misterioso peregrino "Diego", máis tarde "san Diego", no lugar de Falcato (parroquia de San Xurxo de Mosende). Trátase dunha pequena edificación de carácter eminentemente popular e sen gran mérito artístico, sendo todo o edificio extremadamente sinxelo, sen sancristía, xa que só se celebra misa unha vez ao ano. No lintel da porta figura a seguinte inscrición: "ESTA OBRA SE REE-FICOSE A COSTA- LOS VECINOS I COFRADÍAS I DEVOTOS. ABAD D HI R EST AÑO-1756 ". Segundo David Pérez Rego (op.cit.) a capela foi con toda seguridade reconstruída sobre outra anterior edificada en época indeterminada (entre os anos 1587 e 1740) sobre o lugar onde se achaba o sepulcro de don Diego. Nas proximidades encóntrase "A Casa das Novenas", hoxe ocupada pola comisión de festas, e un bo lavadoiro público de pedra. Tanto na obra da capela coma na da Casa das Novenas tivo importancia fundamental a Confraría de San Diego, en cuxa constitución (1740) sinálase que a citada confraría se crea porque "*muchos desean se aga Cofradía al Milagroso Sancto para la redificación y mayor desencia de su Hermita*". No seu interior, ademais da imaxe de san Diego, conserva un pintoresco e inxenuo Santiago Matamoros.
- *Igrexa Parroquial de San Xurxo de Mosende.*- Espléndido exemplo do barroco, rematada en 1794. Destaca o Vía Crucis que a rodea, de catorce cruces, onde sobresa o Peto de Animas de Madorras.
- *Cruceiros no Camiño Real.* - Ao longo de toda a parroquia de San Xurxo se poden observar distintos cruceiros de clara raíz popular: Adro, Falcato, Barbeito, Ruela e Folón; o cruceiro de Ruela, hoxe nun terreo particular, era o eixe sobre o que xiraba a procesión de san Diego na súa festividade.

A.G.A.C.S.

- *Pazo de Cadaval*.- Situado na parroquia de Santiago de Pontellas e fundado no século XIV por Vasco González de Cadaval, trátase dun magnífico edificio que foi destruído por Pedro Álvarez de Soutomaior, Pedro Madruga. Ofrecía dúas torres cun bo conxunto ameado e abundantes troneiras, e foi reconstruído en 1842 conservando unha das súas torres.
- *Igrexa Parroquial de Santiago de Pontellas*.- Templo de enorme sinxeleza construído entre os anos 1774-1776 e, moi probablemente, obra do mesmo arquitecto que elevou a igrexa de Santa Baia en Atios, coa que garda enorme semellanza. Con toda seguridade, trátase dunha construción edificada sobre outra moito máis antiga.



FOTOGRAFÍAS



A.G.A.C.S.





A.C.S.







Coordinación:

José Antonio de la Riera

Investigación, documentación e traballo de campo:

José Antonio de la Riera, Manuel Garrido e Luis Freixo.

Fotografías:

Manuel G. Vicente.

Agradecementos:

- *Aos veciños e aos técnicos de Patrimonio e o Xacobeo de la Xunta de Galicia, que en todo momento apoiaron e entenderon este proxecto.*
- *A Luis Freixo, por incorporar ó mesmo unha alternativa preparada exclusivamente para minusválidos:*

<http://www.caminador.es/wp-content/uploads/2009/06/GUIAx2-TUI-REDONDELA.pdf>

- *A Manuel G. Vicente, por captar a beleza deste itinerario nas súas fotografías:*

<https://plus.google.com/photos/102765965873321294723/albums/5903508270116568769?authkey=CPm3kLmZgO25Ew>

- *E, por suposto, a quen dende a súa humilde atalaia do Cebreiro soubo mostrarnos o Camiño: Elías Valiña. Vaia este traballo en agradecemento a todo o que nos ensinou e sementou para o futuro; grazas, Elías.*

Asociación Galega Amigos do Camino de Santiago
www.amigosdelcamino.com
info@amigosdelcamino.com



Asociación Galega
Amigos do Camino de Santiago